

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 30 DE NOVEMBRO DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/934/2008.- GESTIONES URBANÍSTICAS Y MEDIOAMBIENTALES, SL. Construción dun edificio de 22 vivendas, locais comerciais, trasteiros e garaxes na rúa Amor Ruibal, 4, 6 e 8

LIC/2092/2010.- SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE.- Construción de acceso ao IES de Ponte Pedriña ao pavillón polideportivo de Ponte Pedriña.

LIC/755/2010.- SANTIAGO SUR, SL.- Construción dun edificio de tres plantas de soto destinadas a garaxe e rocho, planta baixa comercial e plantas altas para 30 vivendas nas parcelas A1, A2 e B1 do quintero 4 do SUP-6 de Santa Marta.

LIC/2093/2010.- CONSELLERÍA DE SANIDADE.- Reforma interior do Complexo Hospitalario Universitario sito na Travesa da Choupana, para a implantación da unidade de coidados intensivos.

LIC/911/2008.- Rosa María García Villar.- Rehabilitación e ampliación en planta e altura, envariación tipolóxica da edificación na Fonte D'Ouro, 23, para 3 vivendas.

DENEGADAS:

LIC/1930/2010.- Aurea Edreira Campos.- Construción dun edificio de Baixo, dúas planta e baixo cuberta na rúa do Campo de Santa Marta, 2.

LIC/518/2010.- Leandro Calvo Moreno.- Modificación e ampliación de cuberta na rúa de Casas Novas, 52

LIC/1524/2009.- Anxo Rey Iglesias.- Licenza de peche e galpón lugar do Cotiño, Cacharela

LIC/2176/2009.- M. Lourdes Giadáns Nieves.- Licenza de obras para galpón no lugar do Eixo de Abaixo.

PARCELACIONES.-

LIC/2307/2010.- Cobas Mallou, Concepción,- Parcelación urbanística, da parcela sita na rúa da Muíña, 36. (+)

LIC/1595/2010.- Rey Gulias, M. del Carmen,- Parcelación urbanística, da parcela sita no lugar de Paredes-Laraño. (+)

LIC/2040/2010.- Otero Vigo, Elisa,- Parcelación urbanística, da parcela sita en Lamas de Abade, 55. (+)

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

1675/10.- IGLESIAS MIRAS, SA.....LIC/1312/2002.....4.000€

1676/10.- IGLESIAS MIRAS, SA.....LIC/2256/2001.....8.000€

OCIHR

LICENZAS.-

LIC/2458/2007.- D. VICTOR ALONSO DE LA PEÑA.- Rehabilitación de vivenda con muíño no lugar do Casal da horta.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

DIS/1095/2010.- MARÍA PURIFICACIÓN ROMAR TROITEIRO.- Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles danos derivados pola ocupación de vía pública cunha estada na rúa de Mazarelos, 6. O importe da fianza é de 601 €.

DIS/230/2009.- ANTONIO COSTOYA MATO.- Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles danos derivados pola ocupación de vía pública cunha estada na rúa dos Lagartos, 18. O importe da fianza é de 601 €.

4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas sociais por importe de 3.870,58 euros.

5.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbase unha axuda por importe de 15.934,71 euros.

6 a 30.- Propostas da concelleira delegada de facenda relativa a beneficio fiscal no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

31.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á corrección de erros no acordo nº 59 de data 16.11.2010 relativo á ratificación dos representantes municipais nos consellos escolares de centros docentes.

Corríxense os erros.

32.- Proposta da concelleira delegada de Educación para dar conta do fallo do xurado da 8ª edición de EDUCACOMPOSTELA 2010.

Dáse conta do fallo.

33.- Redacción dun proxecto modificado ao "Proxecto Básico e de execución das obras de substitución nos materiais e tecnoloxías na rede de auga e renovación das instalacións de iluminación pública na rúa Torreira do Romáño, e tramitación ante a Dirección General de Cooperación Local, da prórroga do prazo de execución ata o 19 de febreiro de 2011.

Autorízase a redacción do devandito proxecto modificado, que supón un incremento respecto ao principal de 56.545,24 euros.

34.- Adxudicación Definitiva do contrato de Prestación do Servizo de mantemento, conservación e nova instalación de sinalización horizontal e vertical do termo municipal de Santiago de Compostela.

Adxudícase definitivamente o contrato de referencia á empresa API MOVILIDAD, SA, por un importe de 224.774,95 euros.

35.- Adxudicación do Subministro de equipamento informático e material complementario para diversos centros socioculturais.

Adxudícase o contrato de referencia á empresa SBF, SL, por importe de 37.792,16 euros.

36.- Prórroga prazo execución obras Substitución materiais e tecnoloxías en redes de auga e saneamento, renovación de alumeadado público, infraestruturas de recollida selectiva de lixo mediante colectores soterrados e mellora de seguridade viaria na rúa Arzúa (Almáciga), incluída no FES 2010.

Autorízase a ampliación do prazo do contrato das devanditas obras ata o vindeiro 3 de decembro.

37.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á convalidación da ampliación do prazo do contrato de execución do proxecto modificado da urbanización da UX-16 de Santas Mariñas.

Acórdase a convalidación da ampliación do prazo do contrato de referencia ata o 15 de decembro de 2010.

38.- Proposta da concelleira delegada de Parques e Xardíns relativa á convalidación da ampliación do prazo do contrato das obras de acondicionamento e posta en valor para o uso público da área natural da "Selva Negra".

Acórdase a convalidación da ampliación do prazo do contrato de referencia ata o 1 maio de 2010.

39.- Adxudicación provisional do servizo de asesoramento e colaboración na inspección fiscal dos tributos do Concello de Santiago 2010.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS, SA, que oferta unha porcentaxe do 16% sobre as cantidades netas recadadas nos procedementos de comprobación e/ou inspección fiscal e sancionador.

40.- Resolución do contrato administrativo de subministración e posta en funcionamento da nova versión do portal web do Concello.

Acórdase resolver o contrato suscrito coa empresa VIEIROS INFORMACIÓN EN REDE SL, por incumprimento culpable do contratista, que non executou os traballos obxecto do mesmo dentro do prazo previsto, non procedendo a incautación da garantía definitiva.

41.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa ao programa "Apalpando as ilusións 2010."

Apróbase o programa e a aprobación dun gasto de 47.567,86 euros.

42.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa á aprobación da xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Consellería de Cultura.

Apróbase a xustificación dos gastos correspondentes ao devandito convenio, en concreto a parte que corresponde á totalidade da realización da XXIV edición de Cineuropa 2010 e a totalidade do ciclo Sons da Diversidade.

43.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa ao aluguer de local para uso sociocultural no barrio de Casas Novas.

Iníciase o proceso de alugueiro dun local da rúa do Empedrado, 7 como local sociocultural para o barrio de Casas Novas por un período dun ano prorrogable.

44.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo relativa á contratación da realización dunha aplicación GIS para a visualización do censo de locais comerciais de Santiago de Compostela.

Apróbase a contratación da empresa SIGNO SISTEMAS DE INFORMACIÓN GEOGRÁFICA E CARTOGRAFÍA DIXITAL SL, por importe de 14.160 euros.

45.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa á dación de contas do convenio asinado coa Deputación para o financiamento do Plan de Mellora da Calidade Turística.

Dáse conta do devandito convenio, que supón a execución de actuacións por importe de 440.990,03 euros.

46.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa á xustificación do convenio asinado coa Deputación para o financiamento do Fórum Gastronómico.

Apróbase a xustificación do devandito convenio.

47.- Corrección de erros no acordo do 28 de outubro de 2010 de resolución de alegacións presentadas e inicio do procedemento de desafuzamento dunha vivenda e anexos no SUNP-5. A Muíña.

Corríxese un erro relativo a un apelido.

48.- Solicitude de pago do depósito previo no expediente de Expropiación para o proxecto do colector interceptor xeral do río Sar. Tramo Ponte Pedriña-Ponte San Lázaro. Parcela 113.

Estímase unha solicitude e desconsígnase a cantidade de 243,78 euros.

49.- Prórroga do prazo de execución das obras de Ampliación da rede de abastecemento aos lugares da Susana e Marrozos (FES 2010).

Acórdase elevar á Dirección General de Cooperación Local a solicitude de prórroga do prazo de execución das devanditas obras ata 17 de xuño de 2011.

50.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao procedemento de cobro en executiva das cantidades adebedadas polos membros das Xuntas de Compensación.

Apróbanse as condicións e normas de procedemento para os devanditos cobros.

51.- Proposta do concelleiro delegado de Relacións Institucionais relativa á modificación do acordo desta Xunta de Goberno Local de data 2 de maio de 2010 relativo ao proxecto SANTIAGO-UNE, e aprobación da xustificación das actuacións correspondentes á anualidade 2010.

Apróbase unha nova distribución de anualidades, debido ao cambio de datas nas actividades e apróbase a liquidación de gastos da anualidade 2010.

52.- Proposta do concelleiro delegado de Relacións Institucionais relativa á dación de conta da concesión do patrocinio con motivo da celebración do Xacobeo 2010 pola S.A. Xestión do Xacobeo e cumprimentación da documentación para o seu ingreso.

Dáse conta do devandito patrocinio, por 5.000 euros.

53.- Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior relativa á aprobación das prórrogas e prórrogas tácitas dos contratos de diversos alugueiros de locais.

Apróbanse as prórrogas dos contratos de diversos locais utilizados como instalacións municipais.

54.- Reaxuste de anualidades incluídas no convenio asinado para a reforma da praza de abastos.

Rectifícanse as contías comprometidas polo Concello, que quedan como seguen:

2011 376.815,29 euros

2012 508.076,51 euros

2013 533.507,54 euros

As restantes achegas quedan como seguen:

	<u>Ministerio de Vivenda (50%)</u>	<u>Consellería de Innovación (22,45%)</u>
2011	376.815,29 euros	376.815,29 euros
2012	1.098.730,48 euros	376.815,29 euros
2013	1.098.730,48 euros	402.246,33 euros
TOTAL	2.574.276,25 euros	1.155.876,91 euros

55.- Toma de razón dun escrito relativo a incidencias na execución do extinto contrato de xestión do servizo municipal de axuda no fogar, se procede.

Acéptase a liquidación dos intereses de demora e procédese ao recoñecemento da obriga e pagamento por importe de 3.128,47 euros a favor da empresa CLECE, S.A.

56.- Aprobación de liquidacións de contratos de obras.

Autorízase a realización do acto formal de recepción da obra de construción dunha rede de saneamento no Refuxio de Animais de Bando-Zarramacedo.

57.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á aprobación dos gastos de organización, edición de materiais publicitarios, distribución de folletos, publicidade en prensa e cea para a celebración do premio Manuel Beiras.

Apróbase a convocatoria da XI edición do devandito premio e un gasto para o mesmo de 16.108,89 euros.

58.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello para "Congreso Cidade e Camiños Históricos, unha reflexión de futuro: Xacobeo 2010-2021".

Dáse conta da sinatura do devandito convenio polo que a Deputación achega 80.000 euros, o 80% do orzamento total.

59.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e o Instituto de Educación Secundaria "Rosalía de Castro" para o Bacharelato Internacional.

Dáse conta da sinatura do convenio polo que o Concello achega 9.129,40 euros.

60.- Dar conta da sinatura do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello relativo á Rede Cultural da Deputación da Coruña.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio polo que a Deputación achega 12.311 euros para os programas de música e teatro para grupos non profesionais, para compañías de danza profesional e outras actividades, programa de música pra intérpretes profesionais e de teatro e títeres para compañías profesionais.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á posta a disposición da Xunta de Galicia dos terreos da obra de ampliación do abastecemento en Marrozos, e outros extremos.

Procédese á aceptación á execución da devandita obra pola Consellería de Medio Rural, cunha contía de 52.383,20 euros con cargo aos orzamentos da mesma, e á posta a disposición dos terreos.

2.- Proposta da concelleiro delegado de Transportes relativa á aprobación das tarifas de auto-taxi para 2011.

Á vista da petición da Asociación Compostelana de Auto-taxi, apróbanse as tarifas de auto-taxi para o ano 2011. A suba media é dun 2,19% (Entre paréntese, a tarifa de 2010)

TARIFAS:

	DIURNO	NOCTURNO	FESTIVOS
Percepción mínima	3,40 euros (3,35)	4,75 euros (4,65)	4,05 euros (3,95)
Km percorridos	0,89 euros (0,87)	1,34 euros (1,31)	1,11 euros (1,09)
Hora de espera	18,00 euros (17,66)	26,85 euros (26,24)	22,30 euros (21,80)

SUPLEMENTOS:

Por maleta ou vulto	0,50 euros (0,45)
Por bicicletas	3,10 euros (3,00)
Por reserva servizo	3,10 euros (3,00)

SERVIZOS CON CONTÍA FIXA:

Aeroporto	20,00 euros (19)
-----------	------------------

3.- Proposta da concelleira delegada de Mobilidade relativa á ampliación do prazo de execución dos traballos do peche do casco histórico por sistema de lector de matrículas, incluída no FES 2010.

Amplíase o prazo de execución dos traballos por un período de 25 días, ata o 15 de decembro.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á adxudicación do arrendamento de equipos de iluminación pública e instalación nas rúas e prazas do casco histórico e do Ensanche de Santiago durante as festas de Nadal 2010.

Adxudícase o devandito contrato á empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L., por importe de 79.797,50 euros.

LIC/2073/2010

Concédesse a licenza á Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela" para a construción dun Centro de Día e Ocupacional na parcela DM1 do SUND 14 de Tras Paxonal.